

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA . DEPARTAMENTO DE DEBUXO. CURSO 2022-2023.

ÍNDICE DO DOCUMENTO

1. MARCO LEGAL DE APLICACIÓN.
2. RELACIÓN DE GRUPOS NO CURSO 2022//23.
3. COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO.
4. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN NA ESO.
5. ANÁLISE E VALORACIÓN DOS CONTIDOS IMPARTIDOS E NON IMPARTIDOS NO CURSO 2021 / 2022.
6. COMPETENCIAS CLAVE.
7. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

8. EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL 4º ESO:

- DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS DE ENSINO-APRENDIZAXE
- OBXECTIVOS DE 4º ESO.

- METODOLOXÍA DIDÁCTICA: a) Para a docencia presencial
b) Para a docencia non presencial

- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN : a) No caso de docencia presencial durante todo o curso.
b) No caso de docencia parcialmente presencial e parcialmente non presencial.

- PROBA FINAL: CONTIDOS MÍNIMOS

9. DEBUXO TÉCNICO II- 2º BACHARELATO:

- DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS DE ENSINO-APRENDIZAXE
- OBXECTIVOS DE 2º BACHARELATO.

- METODOLOXÍA DIDÁCTICA: a) Para a docencia presencial
b) Para a docencia non presencial

- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN : a) No caso de docencia presencial durante todo o curso.
b) No caso de docencia parcialmente presencial e parcialmente non presencial.

- PROBA EXTRAORDINARIA: CONTIDOS MÍNIMOS

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
11. ATENCIÓN AO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE.
12. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE PENDENTES.
13. RECURSOS A EMPREGAR.
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, ESCOLARES E EXTRAESCOLARES.
15. LIBROS DE TEXTO.
16. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.
17. ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO.
18. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.
19. TRATAMENTO DE TEMAS TRANSVERSAIS. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.
20. XUSTIFICACIÓN DE FALTAS EN ENTREGAS DE TRABALLOS E ASISTENCIA A PROBAS.
21. COPIA DE TRABALLOS OU COPIA NAS PROBAS.
22. ASISTENCIA A CLASE SEN O MATERIAL AXEITADO
23. FALTA DE ASISTENCIA A ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

1. MARCO LEGAL DE APLICACIÓN

Decreto 324/1996 de 26 de xullo polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.

Orde do 1 de agosto de 1997 polo que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 de 26 de xullo polo que se aproba o regulamento reacción dos Institutos de Educación Secundaria e se establece a súa reaccións e funcionamento.

Ley Orgánica 2/2003 do 3 de maio, de educación.

Decreto 79/2010 de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.

Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato.

Orde ECD/65/2015 , de 21 enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se dictan instrucións para a implantación no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015 do 25 de xuño da educación secundaria obrigatoria e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 7 de xuño de 2016 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2016-17 nos centros docentes sostidos cos fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/2021 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade A. de Galicia.

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria de bachillerato no sistema educativo de Galicia (DOG do 11 de febreiro de 2022).

2. RELACIÓN DE GRUPOS E COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO NO CURSO 2020/2021.

1º ESO EPVA: 5 grupos

1º BACH. DEBUXO TÉCNICO: 1 grupo.

1º ESO Proxecto Competencial : 5 grupos.

3º ESO EPVA: 4

2º BACH. DEBUXO TÉCNICO: 1 grupo

4º ESO EPVA: 1 grupo

Materia afín: Tecnoloxía 2º ESO (7 horas)

PROFESORES	GRUPOS QUE IMPARTEN
María Casal Blanco. Titora de 1º ESO.	1º ESO EPVA (Desdobres A, B, C, D, E) 3º ESO EPVA (Grupo B) 1º ESO Proxecto Competencial (Grupo B) Materia afín: Tecnoloxía 2º ESO (1 Desdobre, 3 horas)
Ignacio Pérez González. Titor de 1º ESO.	1º ESO EPVA (Desdobres A, B, C, D, E) 3º ESO EPVA (Grupo C) 1º ESO Proxecto Competencial (Grupo D) Materia afín: Tecnoloxía 2º ESO (4 Desdobres, 4 horas)
Laura Molina Martínez-Risco. Xefa de Departameto.	3º ESO (Grupos A e D) 4º ESO EPVA (A,B,C) 1º ESO Proxecto Competencial (Grupos A , C, E) 1º BACH. DEBUXO TÉCNICO I. 2º BACH. DEBUXO TÉCNICO II

3. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN NA ESO

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto a súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida que na época na que estamos inmersos/as a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. A parte destinada á educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia en ESO, baixo as denominacións de “Educación audiovisual”, “Debuxo técnico” e “Expresión artística”.

Nos tres primeiros cursos da ESO esta materia estrutúrase en tres bloques: “Expresión plástica”, “Debuxo técnico”, “Fundamentos do deseño” e “Linguaxe audiovisual e multimedia”.

O bloque de “Expresión plástica” experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase reac ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios como colectivos. Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especian fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe.

No bloque titulado “Debuxo técnico”, trasládase coñecementos teórico-prácticos adquiridos, incorpórase o bloque de “Fundamentos do deseño” que vai permitir o coñecemento dos fundamentos do deseño nas súas diferentes áreas, desenvolvendo, desde un punto de vista práctico, os coñecementos adquiridos no resto de bloques.

4. ANÁLISE E VALORACIÓN DOS CONTIDOS IMPARTIDOS E NON IMPARTIDOS NO CURSO 2019 / 2020.

Dado que a materia de EPV e A non se imparte de xeito específico na Educación Primaria nin no segundo curso de ESO, as circunstancias do curso 2019 / 2020 non reac incidencia nos cursos 1º e 3º da ESO.

En canto a 4º da ESO, dsecoñécese en detalle a situación previa do alumnado en canto a coñecementos sobre a materia, dado que esta profesora incorpórase este curso ao centro e, polo de agora, non foi quen de ponerse en contacto co profesor sustituto da profesora titular, xubilada en decembro, o cal que foi a persoa que deu clase durante o confinamento. Aínda así, terase en conta tal circunstancia en canto a posibles carencias conceptuais e prácticas das que poida adolecer o alumnado.

No que atinxe á materia de Debuxo Técnico I de 1º de Bacharelato, dase a circunstancia de que, tendo testado verbalmente á formación, coñecementos previos e expectativas do alumnado, ningún deles cursou EpeV o curso pasado, tal como sucede habitualmente con moitos dos alumnos, que elixen esta materia optativa máis polo seu carácter técnico e científico, e non tanto en continuidade coa materia de EPVeA. Constatado isto, as circunstancias antes citadas tampouco reac incidencia neste nivel.

5. COMPETENCIAS CLAVE

Comunicación lingüística (CCL)
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia y tecnoloxía (CMCCT)
Competencia dixital (CD).
Aprender a aprender (CAA)
Competencias sociais e cívicas (CSC).
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
Conciencia e expresións culturais (CCEC)

6. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

O Departamento poderá realizar unha proba breve co fin de constatar os coñecementos mínimos que deberá ter o alumno e a alumna no nivel correspondente. Esta proba realizarase ao inicio do curso e, dependendo do resultado, adoptaranse as medidas de reforzo necesarias se é a nivel individual ou se adaptará a Programación se é a nivel global.

7. EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL 4º ESO:

• OBXECTIVOS DE 4º DA ESO.

O cuarto curso de educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:

- a) Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.
- b) Coñecer o desenvolvemento da arte desde os seus inicios ata o momento actual, os principais movementos artísticos, a súa relación coa sociedade e feitos históricos coetáneos e o seu papel na historia.
- c) Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes. Apreciar como un xeito de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferenzas.
- d) Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo á súa conservación e mellora.
- e) Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual, afondando no vocabulario relativo á historia da arte e os seus diferentes movementos e técnicas artísticas.
- d) Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva.
- e) Coñecer e empregar os diferentes sistemas de representación, especialmente o sistema cónico.
- f) Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información

e da comunicación máis axeitadas.

g) Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.

h) Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.

i) Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.

j) Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación.

• **DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS DE ENSINO-APRENDIZAXE.**

Aclaráse que, no caso de ensino non presencial, os estándares de aprendizaxe serán os mesmos que figuran a continuación para a docencia presencial.

Asignación horaria: 3 hrs semanais

BLOQUE I: A EXPRESIÓN PLÁSTICA

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	Sesións
-a -c -d -e -h	UNIDADE 1: AS FORMAS 1. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversas técnicas e soportes. 2. Análise e estrutura das representación das formas edos espazos. 3. Planificación previa do traballo de representación de formas. 4. Aplicación do concepto de estrutura para a abordar un proceso ordenado e secuencial na representación de formas e espazos.	- Coñecer as técnicas básicas de debuxo e a súa correspondencia cos principais soportes. - Entrenar o trazo para adquirir certa soltura nas diferentes técnicas gráficas. - Realizar obras plásticas experimentando con diferentes soportes e lapis. - Aprender a facer análise visual de diferentes estruturas de orixe artificial ou natural no seu conxunto. - Comprender a estrutura dunha forma para reallizar a súa representación con maior eficacia. - Medir cada unha das partes que compoñen unha forma e apreciar a súa relación coa totalidade. - Diferenciar a representación obxectiva ou subxectiva das forma e distinguir diversas tendencias na representación artística das formas. - Interpretar a a realidade en obras subxectivas ou fantásticas.	- Coñece e elixe os materiais e os procedementos máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. - É capaz de percibir as formas e os espazos dun modo analítico. - Aplica o análisis de formas na representación da realidade. - Aborda ás propias realizacións dun xeito planificado, ordenado e lóxico. - Realiza composicións artísticas partindo de formas artificiais e naturais, elexindo e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	CCEC CSIEE CAA •CD	15
-a -b -c -g -e -n	UNIDADE 2: A COMPOSICIÓN: ELEMENTOS E RECURSOS. - Elementos básicos da forma. - As texturas. - A cor. O seu peso na composición - A composición: elementos compositivos e forzas perceptuales. - Recursos compositivos: movemento, o ritmo e as liñas de forza.	- Realizar obras plásticas empregando os diversos elementos e recursos plásticos e diferentes leis compositivas. - Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.. - Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas compositivas como recursos expresivos.	- Aplica as leis de composición creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.	CCEC	15

	-Principales esquemas compositivos.	- Apreciar os estilos artísticos e valorar o patrimonio artístico e cultural .			
-b -c -g -e -n	UNIDADE 3: O PROCESO DE CREACIÓN 1.Fases do proceso de creación: esbozo, proxecto, presentación final e avaliación. 2.Análise de obras artísticas e do seu proceso de creación. 3. Exposición oral do traballo	-Realización de proxectos que impliquen a organización colectiva, valorando o traballo en equipo como fonte de riqueza de creación artística. -Recoñecer as obras de arte e a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciando os estilos artísticos e a valoración do patrimonio.	-Comprende o proceso de creación artística e as súas fases e o aplica aos traballos propios e en grupo. -Explica, empregando unha linguaxe idónea, o proceso de creación dunha obra artística, analizando os materiais e os soportes, as técnicas empregadas e os elementos compositivos.	CSIEE CCEC TOTAL SESIÓNS	3 33

BLOQUE II: DEBUXO TÉCNICO.

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	Sesiões
-b -f -g -n -o	UNIDADE 4: REPASO DE XEOMETRÍA PLANA BÁSICA. 1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo. 2.Trazados xeométricos básicos. 3.Triángulos, cuadriláteros, polígonos regulares. 4. Tanxencias e enlaces. 5. Aplicación dos trazados de cuadriláteros, polígonos e enlaces no deseño de motivos xeométricos.	- Analizar e realizar deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.	-Diferencia o sistema de debuxo descriptivo do perceptivo. - Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico. - Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces. - Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplicación á creación de deseños persoais.	CAA CAA CMCCT	12
-a -b -e -f -g -ñ	UNIDADE 5: XEOMETRÍA DESCRIPTIVA. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN. 1. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas. 2. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico. 3 . Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. 4. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas 5. Perspectiva cónica.	-Lembrar os principais tipos de proxección usados pola xeometría descriptiva así como o funcionamento dos principais sistemas de representación diédrico e as súas principais ventaxas. -Identificar os diferentes tipos de proxeccións. -Aplicar o sistema de representación diédrico. -Usar as perspectivas axonométrica e cabaleira na representación de volumes. -Representar volumes e espazos en perspectiva cónica.	-Resolve problemas de obtención de vistas de pezas. -Debuxa figuras en perspectiva axonométrica e cabaleira. -Debuxa perspectivas cónicas de volumes e espazos, comprendendo os elementos fundamentais da perspectiva cónica e pasando a papel os debuxos a man alzada. - Debuxa formas tridimensionais, usando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	CMCCT CCA CSIEE	18

	Análise e aplicación da posición do punto de vista.				
-a -b -e -f -g -ñ	UNIDADE 6: DEBUXO TÉCNICO INDUSTRIAL 1.O deseño tridimensional. 2.A normalización no debuxo técnico. 3.Escalas e acoutacións no debuxo de obxectos.	-Coñecer as características e funcións do deseño tridimensional. -Saber aplicar a normalización e os formatos do debuxo técnico e industrial. -Coñecer as clases de escalas e os sistemas de acoutación do debuxo técnicos. -Acoutar pezas de xeito correcto.	-Diferenciar os formatos de papel. - Realiza a acoutación de vistas dunha peza sinxela.	CMCCT	4
				TOTAL SESIÓN	34

BLOQUE III: FUNDAMENTOS DE DESEÑO.

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	Sesións
-a -b -d -e -f -g -h -l -m -n	UNIDADE 7: INTRODUCCIÓN AO DESEÑO 1.Definición e orixe do deseño. 2.Áreas do deseño. 3.Metodoloxía e proceso de deseño.	-Comprender as modalidades e as funcións do deseño. -Diferenciar os elementos básicos do deseño e apreciar os seus valores expresivos e a súa función nun obxecto de deseño. -Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.	-Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou rama do deseño. -Observa e analiza a coherencia formal e, funcional dos obxectos. -Realiza distintos tipos de deseños no plano e no espazo baseados en composicións modulares e xeometrías diversas.	CSIEE CCEC	2
-a -b -d -e -f -g -h -l -m -n	UNIDADE 8: DESEÑO GRÁFICO 1.Áreas e finalidade do deseño gráfico. 2.O signo na comunicación visual. 3. Introducción á tipografía. 4.Identidade visual corporativa. 5. Deseño publicitario: o cartaz.	-Describir as funcións e as áreas de aplicación do deseño gráfico. - Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais. -Usar adecuadamente signos, imaxes e tipografía nas propias composicións. -Comprender o concepto de imaxe corporativa para o mundo empresarial. -Aplicar os elementos e recursos plásticos e xeométricos nas propias composicións con orde, coherencia e rigor. -Aplicar elementos e técnicas informáticas ao alcance no traballo propio.	- Aplica as fases do proceso creativo dun deseño propio. -Realiza diversos deseños en soportes bidimensionais de distintos formatos e dimensións a plecando o máis adecuado para a función de cada un deles. - Aplica acertadamente os diferentes elementos e recursos graficoplásticos co fin de obter compsições atractivas e expresivas.	CSIEE CCEC CD	12
-a -b -d -e -f -g -h -l -m -n	UNIDADE 9: INTRODUCCIÓN AO DESEÑO INDUSTRIAL. 1. Deseño gráfico sobre soportes trdimensionais. Deseño de envases. 2. Deseño de obxectos sinxelos. 3. Breve histori do deseño. 4. Clasificación e características e uso dos materiais técnicos	-Describir as funcións e as áreas de aplicación do deseño industrial. - Realizar deseños de obxectos sencillos relacionando forma e función. -Usar axeitadamente xeometrías e materiais nas propias realizacións. -Aplicar de xeito correcto e expresivo os sistemas de representación para deseño e a presentación das propias creación de obxectos funcionais sinxelos. -Aplicar elementos e técnicas informáticas ao alcance no traballo propio.	- Aplica as fases do proceso creativo dun deseño propio. -Planifica o deseños tridimensionais sobre soportes bidimensionais. - Utiliza acertadamente os recursos da xeometría na creación de obxectos. - Aplica e escolle acertadamente os diversos materiais de uso técnico na creación de obxectos. -Entende a e aplica a relación entre forma	CSIEE CCEC CD TOTAL	12

				e función no deseño.	SESIÓNS	32
BLOQUE IV: LINGUAXE AUDIOVISUAL.						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	Sesións	
- a - h - n - ñ	UNIDADE 10: O CINE 1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. 2. Realización dun storyboard. 3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.	- Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.	- Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. - Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. - Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	CD CSIEE CCEC	4	
- e - l - n - o	UNIDADE 11: A FOTOGRAFÍA 1. Criterios estéticos na elaboración de fotografías. 2. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas. 3. Creación dixital de imaxes. 4. Posibilidades expresivas da fotomontaxe.	- Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades. - Realizar fotomontaxes con fotografías propias ou alleas.	- Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos. - Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. - Realizar fotomontaxes con fotografías propias ou alleas.	CD CSIEE CCEC TOTAL SESIÓNS	6 36	

• METODOLOXÍA DIDÁCTICA 4º ESO.

a) Para a docencia presencial.

O curso de 4º de ESO ten asignadas tres horas semanais para impartir e practicar a materia. Dende o Departamento de Debuxo consideramos que a práctica é prioritaria nunha asignatura de carácter basicamente instrumental. Por isto e dadas as características da materia e do temario, o tempo adicado a explicación conceptual dos temas será o mínimo, pasando inmediatamente á práctica e atendendo aos problemas de comprensión individual materializados nos casos prácticos que se desenrollarán ao longo do resto das clases. Os alumnos/as irán acadando os obxectivos mediante o traballo na clase. A posta en común de determinados temas a través do debate e a discusión, será tamén utilizado. Igualmente se empregará o traballo en grupos fomentando a aprendizaxe cooperativa.

A ratio explicación-práctica, será aproximadamente de 1 sesión de explicación por 3 de práctica.

Os traballos que se deseñen neste nivel, estarán estudados para valorar as competencias básicas que figuran no currículo.

Asimismo utilizaranse os medios audiovisuais e informáticos do que o Centro dispón: Pizarra dixital, ordenadores, proxector.

Aínda que a docencia fose presencial durante todo o curso, a Aula Virtual complementará ou reforzará de xeito habitual ás clases presenciais, dado que tanto os apuntes de curso, como as láminas a realizar por parte do alumnado e outros recursos didácticos facilitaranse a través da mesma.

b) Para a docencia non presencial.

Dado que o material necesario para o seguimento das clases estará, desde principios de curso, a disposición do alumnado na Aula Virtual da materia, esta será o principal soporte didáctico da materia no caso de docencia non presencial. Na Aula Virtual publicaranse, ademais dos citados recursos básicos, outros que reforcen a docencia práctica a distancia, como videos con explicacións prácticas ou tutoriais gráficos, paso a paso, para a realización dos traballos que se vaian desenvolvendo.

O alumnado deberá consultar a diario a Aula Virtual, formular ás dúbidas nos foro de alumnos que se abrirá na Aula e entregar os traballos a través da mesma Aula Virtual no tempo e forma indicados polo profesorado da materia.

• **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN 4º ESO EPVEA.**

A) No caso de docencia presencial durante todo o curso.

-- Cualificación por avaliacións trimestrais.

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polos alumnos/as nos seguintes apartados, axustándose á ponderación seguinte:

A	LÁMINAS realizadas na aula e completadas, en certos casos, na casa.	<p>É obrigatoria a entrega do 100% dos traballos para aprobar a avaliación.</p> <p>A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas láminas.</p> <p>As láminas valoraranse de 0 a 10 puntos, poidendo ponderar a nota de cada lámina dentro do cómputo global das mesmas en función da complexidade que presente ou o tempo de traballo requerido.</p> <p>As láminas deberán ser cumprimentadas con limpeza e pulcritude. Non se aceptarán láminas sucias, enrugadas ou dobradas.</p> <p>A puntuación de cada lámina rebaixarase ata en 2 puntos por cada día (de clase) de retraso na suá entrega (salvo nos casos nos que se teña constancia dunha xustificación oficial).</p> <p>Non se recollerán traballos pasadas dúas semanas da data fixada para a súa entrega, ata o día do exame de recuperación ou do global final.</p>	80%
B	Rexistro de actitude e traballo na aula,		20%

Ha de obterse unha cualificación mínima de 5 para superar a avaliación.

Cada día no que o alumno/a non **traia o material necesario** para as actividades diarias se rexistrará **cun signo negativo**. A acumulación de **dous negativos suporá medio punto menos** na nota da avaliación e acumulación de cada **tres negativos suporá un punto menos** na citada cualificación trimestral.

-- Recuperación das avaliacións parciais suspensas

Realizarase unha proba ou exame de recuperación sobre os contidos teórico-prácticos correspondentes a dita avaliación, que terá lugar un dos primeiros días do seguinte trimestre e que suporá o 50% da nota da recuperación, sempre que nela se acade a cualificación mínima de **4** sobre 10 puntos.

Ademáis disto o alumnado deberá repetir os traballos suspensos cuxa nota media suporá o restante 50% da nota da recuperación, sempre que nelos se acade a cualificación mínima de 5 sobre 10 puntos. Estes traballos deberán entregarse o día fixado para o exame antes do comezo do mesmo.

--Avaliación FINAL.

A cualificación final o será a media aritmética das cualificacións trimestrais, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 en cada un delas ou na súa correspondente recuperación para que poida darse por superado o curso.

No caso de non ter acadado dita cualificación mínima de 5 nunha ou varias das avaliacións trimestrais, o alumno poderá presentarse a unha **derradeira proba de avaliación final**, cuxos contidos dependerán do número de avaliacións suspensas:

- Se a avaliación suspensa e unha soa das tres avaliacións, o exame versará sobre os contidos teórico-prácticos correspondentes a dita avaliación.

- Se as avaliacións non superadas fosen dúas ou tres dito exame versará sobre contidos teórico-prácticos relativos á totalidade do curso.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PARA O MES DE XUÑO.

Realizaranse actividades e exercicios de reforzo para o alumnado con algunha avaliación suspensa, baseados nos estándares de aprendizaxe imprescindibles. O alumnado coas avaliacións aprobadas realizará tarefas de repaso, profundización e ampliación.

B) No caso de docencia parcialmente presencial e parcialmente non presencial.

-- Cualificación por avaliacións trimestrais.

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polos alumnos/as nos seguintes apartados, axustándose á ponderación seguinte:

A	LÁMINAS realizadas individualmente na aula nos períodos presenciais e na casa nos non presenciais e entregadas físicamente no centro ou, de non ser posible, a través da aula virtual neste último caso.	<p>As láminas valoraranse de 0 a 10 puntos, podendo ponderar a nota de cada lámina dentro do cómputo global das mesmas en función da complexidade que presente ou o tempo de traballo requerido.</p> <p>A nota deste apartado será a media aritmética das cualificacións obtidas.</p> <p>As láminas deberán ser cumplimentadas con limpeza e pulcritude e entregadas físicamente no centro ou a través da Aula Virtual seguindo as instrucións específicas en canto a reprodución e formatos que se indiquen na mesma.</p> <p>Non se aceptará a entrega ou envío de láminas sucias, enrugadas ou que non estean claramente reproducidas.</p> <p>A puntuación de cada lámina rebaixarase ata en 2 puntos se é entregada presencialmente por cada día de clase de retraso ou virtualmente por cada día natural de retraso.</p>	80%
B	Registro de actitude e traballo nas aulas ordinaria e/ou virtual.		20%

--Recuperación das avaliacións parciais suspensas.

Realizarase **unha proba ou exame de recuperación presencial se é posible ou virtual no caso contrario**, sobre os contidos teórico-prácticos correspondentes a dita avaliación, que terá lugar un dos primeiros días do seguinte trimestre e que **suporá o 50% da nota da recuperación, sempre que nela se acade a cualificación mínima de 4 sobre 10 puntos.**

Ademáis disto o alumnado deberá **repetir os traballos suspensos cuxa nota media suporá o restante 50% da nota da recuperación**, sempre que nela se acade a cualificación mínima de 5 sobre 10 puntos. Estes traballos **deberán entregarse presencialmente se é posible ou a través da Aula virtual no caso contrario ou virtualmente** (no formato e modo indicado) ata o día fixado para o exame antes do comezo do mesmo.

Dita proba realizarase presencialmente se é posible, de non ser así, consistirá nun exame oral individual que se realizará por quendas.

--Avaliación FINAL.

A cualificación final ordinaria será a media aritmética das cualificacións trimestrais, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 en cada un delas ou na súa correspondente recuperación para que poida darse por superado o curso.

No caso de non ter acadado dita cualificación mínima de 5 nunha ou varias das avaliacións trimestrais, o alumno poderá presentarse a unha **derradeira proba presencial, e se non fose posible, telemática, de avaliación final**, cuxos contidos dependerán do número de avaliacións suspensas:

- Se a avaliación suspensa e unha soa das tres avaliacións, o exame versará sobre os contidos teórico-prácticos correspondentes a dita avaliación.
- Se as avaliacións non superadas fosen dúas ou tres dito exame versará sobre contidos teórico-prácticos relativos á totalidade do curso.

Tanto a proba como a entrega do caderniño realizaranse presencialmente se é posible, de non ser así, o caderniño entregárase a través da Aula Virtual, e a proba consistirá nun exame oral individual que se realizará por quendas.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PARA O MES DE XUÑO.

Realizaranse actividades e exercicios de reforzo para o alumnado con algunha avaliación suspensa, baseados nos estándares de aprendizaxe imprescindibles. O alumnado coas avaliacións aprobadas realizará tarefas de repaso, profundización e ampliación.

• **PROBA FINAL EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL 4º ESO**

CONTIDOS MÍNIMOS

Temario:

- Análise e representación das formas da natureza, tanto animal como vexetal.
- Representación do espazo. Elementos visuais na paisaxe urbana.
- Anatomía e proporción na figura humana. Estructura do rostro. A figura humana no cómic.
- A narración fotográfica. A elección do motivo. Encuadre e composición. O equilibrio. Liñas de composición. A elección do punto de vista. Tipos de planos. A lectura da imaxe. Usos da fotografía
- Elementos da linguaxe cinematográfica. Proceso de realización dunha película.
- Modalidades e funcións do deseño. Elementos visuais do deseño. A cor no deseño. Formas básicas no deseño. Composicións modulares.
- Áreas e finalidade do deseño gráfico. A imaxe corporativa de empresa. Deseño de logotipos: espirais, óvalos e ovoides.
- Fundamentos da publicidade. O deseño publicitario. Elementos e composición das mensaxes publicitarias.
- Representación de sólidos no sistema diédrico. O sistema axonométrico.
- Perspectiva cónica frontal. Perspectiva cónica oblícuca.

Coñecementos e capacidades:

- Realiza composicións artísticas partindo de formas da natureza, elecciónando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.
- Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.
- Saber seleccionar elementos compositivos que interveñen na paisaxe urbana. Aplicar as normas da perspectiva cónica dacordo con unhas intencións expresivas determinadas.
- Sabe hachar os eixos do corpo e cabeza, así como a estrutura liñal que define as posición do corpo humano en figuras (fotografías ou esculturas).
- Realiza fotografías de paisaxes naturais e urbanos, retratos e bodegóns empregando os coñecementos sobre composición, encuadre, tipos de plano e angulación.
- Sabe cales son os consellos máis importantes para a toma dunha fotografía.
- Sabe elaborar un sinxelo guión literario y un story board.
- Realiza distintos tipos de deseños e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.
- Sabe aplicar as fases do proceso creativo dun deseño aplicándoa á creación e realización dunha imaxe corporativa (logotipo).
- Sabe aplicar as fases do proceso creativo dun deseño aplicándoa á creación e realización dun cartel publicitario.
- Resolve problemas sinxelos de obtención de vistas de pezas.
- Debuxa figuras sinxelas en perspectiva axonométrica.
- Resolve problemas sinxelos de obtención de vistas de pezas.
- Debuxa figuras sinxelas en perspectiva axonométrica e cabaleira.
- Debuxa perspectivas cónicas de obxectos, espazos e volmes a coa axuda dun plano transparente, comprendendo os elementos fundamentais da perspectiva cónica e pasando a papel os debuxos a man

alzada.

10. OBXECTIVOS XERAIS DE BACHARELATO

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir una conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa, e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar críticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos medios científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto de cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado

12. DEBUXO TÉCNICO II . 2º BACHARELATO:

Asignación horaria: 4 hrs semanais.

BLOQUE 1: XEOMETRÍA PLANA					
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	Sesiões
-b -d -e -g -i -l	TRAZADOS BÁSICOS POLÍGONOS. e EQUIVALENCIAS Trazado de triángulos cuadriláteros, e polígonos regulares. Aplicacións do arco capaz e das relacións áreas. Concepto de equivalencia. Trazado de polígonos equivalentes en superficie a outro	- Xénesis e xeometría de formas poligonais regulares. - Construcións de polígonos regulares, convexos e cóncavos, en obxectos de uso no entorno cotidián, así como en motivos decorativos. - Emprego dos coñecementos sobre os polígonos pra resolución de problemas reais. - Resolver problemas de figuras equivalentes en superficies a outras dadas, reflexionando as súas xustificacións no campo das matemáticas	-Deseña, modifica ou reproduce polígonos regulares analizando as relacións métricas esenciais Resolve problemas de equivalencia atopando as figuras de igual superficie e diferente forma, e comprende o razonamento que xustifica a súa construción.	CMCCT CMCCT	8
-b -d -e -g -i -l	.POTENCIA Concepto e expresión da potencia. Feixe de circunferencias que pasan por dous puntos M e N. Eixe radical de dúas circunferencias. Centro radical de tres circunferencias. desde o centro radical. Aplicacións de potencias.	- Trazado de eixes e centros radicais nos diferentes casos de circunferencias e rectas.	-Resolve problemas xeométricos de medidas do contorno total ou parcial dunha circunferencia.	CMCCT	5
-b -d -e -g -i -l	. TRANSFORMACIÓNS XEOMÉTRICAS: Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Afinidade, Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras afíns. Construción da elipse afín a unha circunferencia. .- Inversión. Determinación de figuras inversas.	- Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización.	-Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións -Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas. -Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.	CCL CMCCT CSIEE	10
-b -d -e -g -i -l	TANXENCIAS Repaso dos procedementos para a resolución de tanxencias vistos no curso precedente. Resolución de casos de tanxencias aplicando o concepto de potencia Resolución de casos de tanxencias aplicando o concepto de inversión.	-Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando gráficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.	-Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando gráficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. -Resolve problemas xeométricos de medidas do contorno total ou parcial dunha circunferencia.	CMCCT CSIEE	10

-b -d -e -g -i -l	CURVAS CÓNICAS - Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbola. - Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. - Aplicacións	-Debuxar curvas cónicas e identificar os seus principais elementos utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.	-Comprende a orixe das curvas cónicas e as relación métricas entre elementos , describe as súas propiedades e identifica as súas aplicación	CCL	10
				TOTAL SESIÓN	38

BLOQUE 2: XEOMETRÍA DESCRIPTIVA					
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	Sesións
-b -d -e -g -i -l	SISTEMA DIÉDRICO. - Repaso dos fundamentos do sistema. - Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade.	-Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relación métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais.	-Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos acotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude. -Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.	CAA CSIEE	10
-b -d -e -g -i -l	ÁNGULOS E DISTANCIAS - Ángulo :dunha recta cos planos de proxección, entre dúas rectas que se cortan, entre recta e plano, entre dous planos .Angulo formado por un plano cos de proxección. - Distancias: entre dos puntos, entre punto e recta, entre dúas rectas, entre punto e plano, entre recta e plano, entre dous planos.	-Resolver problemas de distancias e de ángulos entre diferentes elementos .	-Comprende a noción de ángulo entre recta e planos de proxección, recta cun plano calquera, rectas que se cortan. -Resolve problemas de obtención de ángulos formados por distintos elementos xeométricos e distancias.	CCL CSIEE	6
-b -d -e -g -i -l	XIROS. ABATEMENTOS. CAMBIOS DE PLANO. OBTENCIÓN DE VERDADEIRAS MAGNITUDES. Xiros. Xiro dun corpo xeométrico.Aplicacións. Abatements. Abatements de planos. Determinación dos seus elementos. Aplicacións. Cambios de plano para a obtención de proxeccións nun novo sistema diédrico de referencia. Determinación da verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais.	aplicando o procedemento máis axeitado para a resolución de problemas xeométricos.	-Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico. -Determina a base e a altura dun corpo xeométrico apoiado nun plano oblicuo e constrúe as súas proxeccións tendo en conta as verdadeiras magnitudes e empregando xiros e abatements para a súa resolución,	CMCCT CAA	10

-b -d -e -g -i -l	<p>SUPERFICIES POLIÉDRICAS CONVEXAS. DESENVOLVEMENTOS</p> <p>- Introducción ás superficies poliédricas. - -- Poliedros regulares: tetraedro, hexaedro, octaedro, dodecaedro e icosaedro. - - - - Poliedros conxugados ou duales.</p> <p>- Elementos e relacións métricas, seccións planas particulares e posicións singulares</p>	<p>- Estudio y representación de poliedros regulares, en las posiciones más clásicas: vistas auxiliares, secciones y desarrollos. - Obtención y desarrollo de poliedros semirregulares arquimedianos: troncotetraedro, cuboctaedro y tetracaidecaedro o poliedro de Lord Kelvin</p>	<p>-Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides, en posición favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando as aristas vistas e ocultas. -Resolve desenvolvementos dos corpos regulares.</p>	CSIEE CSIEE TOTAL SESIÓNS	10 36
-b -d -e -g -i -l	<p>SUPERFICIES RADIADAS. PRISMÁTICAS E PIRAMIDALES. DESENVOLVEMENTOS. A ESFERA. SECCIÓNS CON PLANOS E INTERSECCIÓN DE RECTA COAS FIGURAS.</p> <p>Formación e clasificación das superficies radiadas. Superficies piramidales: sección e desenvolvemento. Superficies cónicas: cono de revolución e cono oblicuo de directriz circular. Superficies prismáticas: sección e desenvolvemento Superficies cilíndricas: sección e desenvolvementos.</p>	<p>-Estudio e representación de cono, cilindro, esfera, prismas e pirámides. -Obtención de seccións (e verdadeira magnitude das mesmas) de estas figuras por planos proxectantes e por planos oblicuos. -Obtención da intersección de rectas coas figuras. -Desenvolvemento das figuras e dos troncos de figura logo de facer a sección.</p>	<p>-Representa con claridade as figuras estudadas, tanto completas como seccionadas ou interseccionadas por rectas, atopando a verdadeira magnitude da sección e elaborando o desenvolvemento da figura resultante.</p>	CSIEE	7
-b -d -e -g -i -l	<p>SISTEMA AXONOMÉTRICO ORTOGONAL.</p> <p>Axonometría ortogonal. Escalas axonométricas. Triángulo fundamental de trazas. Abatimento dos planos coordenados: verdadeiras magnitudes. Formas xeométricas situadas nos planos coordenados: perspectiva dunha forma poligonal; perspectiva dunha circunferencia. Trazado de partes circulares na perspectiva isométrica: o círculo nos planos coordenados; enlace de rectas con curvas. Pasos na construción de corpos poliédricos. Pasos na representación de corpos con partes circulares</p>	<p>- Realización de debuxos isométricos con axuda de retícula triangular. - Determinación de escalas axonométricas: formas geométricas situadas nos planos coordenados - Representación axonométrica de corpos prismáticos, cilíndricos e combinación de ambas formas.</p>	<p>-Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución. -Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios. -Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.</p>	CMCCT CCEC CMCCT	7

-b -d -e -g -i -l	SISTEMA AXONOMÉTRICO OBLÍCUO. PERSPECTIVA CABALEIRA. Axonometría oblicua: a perspectiva cabaleira frontal e a perspectiva planimétrica. Construción da perspectiva cabaleira frontal dun corpo con caras planas. Construción da perspectiva cabaleira planimétrica dun corpo con partes circulares.	- Determinación e representación de seccións planas en superficies poliédricas e radiadas. - Determinación do punto común de rectas con superficies poliédricas e/ou superficies radiadas.	-Representación de figuras en perspectiva cabaleira e militar partindo das súas proxeccións diédricas.	CMCCT	10
----------------------------------	--	---	--	-------	----

BLOQUE III: NORMALIZACIÓN.

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	Sesións
-b -d -e -g -i -l	ACOUTACIÓN NORMALIZADA. Consideracións xerais. Acoutado de formas básicas. Acoutado de sólidos básicos. Acoutacións lineales e angulares. Acoutacións segundo referencia de superficies. Acoutación de aristas. Acoutación de diámetros. Acoutación de radios.	Análise da importancia que ten a normalización en xeral e no Debuxo Técnico en particular. - Realización de esbozo de vistas diédricas de corpos sólidos e pezas industriais. - Emprego de liñas e escritura normalizada na realización de debuxos técnicos (UNE 1.032-82 - ISO 128-82). - Aplicación da rotulación no acabado dos esbozos e debuxos delineados. - Manexo de escalas normalizadas (UNE - ISO 5455-96). - Análise das diferenzas na representación de corpos nos sistemas Europeo e Americano de acordo ás normas (UNE 1.032-82 - ISO 5456-2:1996). - Clasificación e utilización dos diferentes tipos de cotas (UNE 1039-94 - ISO 129:1985). - Exercicios de acoutacións segundo referencia de superficies, dependendo da forma do obxecto. - Acoutación de pezas sen gran complexidade.	-Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN, e ISO e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación par a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación. -Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.	CCL CSIEE	4
-b -d -e -g -i -l	CORTES, SECCIÓN E ROTURAS. Obxecto de cortes, seccións e roturas. Diferenza entre corte e sección. Rayados en cortes e seccións. Cortes: corte total, semicorte ou cuadrante e corte parcial. Seccións: abatida e desprazada. Roturas.	- Ámbito de utilización e aplicacións de cortes, seccións e roturas en pezas técnicas sinxelas, facendo uso da norma UNE 1.032-82 - ISO 128 - 82. - Emprego e diferenciación entre corte e sección nun obxecto ou peza		CCL CSIEE	4
				TOTAL SESIÓN S	32

- **METODOLOXÍA DIDÁCTICA.**

- a) **Para a docencia presencial.**

O curso de 1º de Bacharelato ten asignadas catro horas semanais para impartir e practicar a materia.

Dende o Departamento de Debuxo consideramos que a práctica é prioritaria nunha asignatura de carácter básicamente instrumental. O alumno debe ter tempo na clase para realizar os traballos e exercicios e así dispor directamente do profesor para a resolución das súas dúbidas, sen, por isto, restarlle autonomía na búsqueda e materialización dos proxectos encargados.

Debido á densidade de contidos programados para o curso de 2º de bacharelato, o tempo adicado a cada unidade será o mínimo necesario e reducirase polo tanto a cantidade de exercicios prácticos.

Coa intención de centrarse nas recomendacións publicadas no 2018 para a preparación a ABAU, farase un especial fincapé nos bloques e unidades seguintes:

Orientacións xerais da materia, elaboradas a partir das anteriores, co obxecto de adaptarse ao establecido na nova lexislación, Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (ECD/1941/2016 do 22 de decembro, BOE de 23 de decembro)

Aínda que a docencia fose presencial durante todo o curso, a Aula Virtual complementará ou reforzará de xeito habitual ás clases presenciais, dado que tanto os apuntes de curso, como as láminas a realizar por parte do alumnado e outros recursos didácticos facilitaranse a través da mesma.

- b) **Para a docencia non presencial.**

Dado que o material necesario para o seguimento das clases estará, desde principios de curso, a disposición do alumnado na Aula Virtual da materia, esta será o principal soporte didáctico da materia no caso de docencia non presencial. Na Aula Virtual publicaranse, ademais dos citados recursos básicos, outros que reforcen a docencia práctica a distancia, como vídeos con explicacións prácticas ou tutoriais gráficos, paso a paso, para a realización dos traballos que se vaian desenvolvendo.

O alumnado deberá consultar a diario a Aula Virtual, formular ás dúbidas nos foro de alumnos que se abrirá na Aula e entregar os traballos a través da mesma Aula Virtual no tempo e forma indicados polo profesorado da materia.

- **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN 2º BACHARELATO. DEBUXO TÉCNICO I.**

- a) **No caso de docencia presencial durante todo o curso.**

- **Avaliacións parciais por trimestres:**

- 1. **LÁMINAS (40% da cualificación).**

As láminas ou **exercicios prácticos** realizaranse **regularmente e de xeito individual, e, salvo excepcións, deberán rematarse durante unha ou dúas sesións de clase.** Para a súa realización o alumno poderá ter a súa disposición a documentación necesaria (apuntes facilitados pola profesora, libro de texto ou apuntes personais) para a súa consulta.

En certas ocasións, e baixo o criterio da profesora, algunhas láminas poderanse rematar ou incluso realizar enteiramente fóra da aula, para ser entregadas nunha data prevista.

As láminas presentaranse de con regularidade e serán **condición indispensable** para superar a materia, polo que calquera delas non presentada terá avaliación parcial de cero.

A cualificación correspondente a este apartado corresponderá a **media aritmética** das notas acadadas en cada unha delas.

As láminas que sexan entregadas tarde terán a súa nota **rebaixada nun punto por día natural**, e, en caso de pasar dunha semana de retraso, a súa cualificación rebaixarase a metade.

A limpeza, pulcritude e presentación correcta das láminas é obrigada. **Fallos notorios na presentación poderán descontar ata tres puntos** sobre dez na cualificación de cada unha das citadas láminas.

- 2. **EXAMES (60% da cualificación)**

Terán unha estrutura e exercicios similares aos correspondentes ás láminas desenvolvidas na aula.

A cualificación do exame haberá de chegarse a un mínimo dun 4 sobre 10 para facer a media, noutro caso prevalecerá a nota que non acadou o 4.
Ha de obterse unha cualificación mínima de 5 para superar a avaliación.

-- Recuperación das avaliacións parciais suspensas

A petición dos alumnos, a profesora poderá realizar unha proba de recuperación de avaliación parcial trimestral correspondente, que terá lugar un dos primeiros días do seguinte trimestre. Nela se avaliará:

-80 % EXAME

-20 % láminas (ás xa feitas) correspondentes do trimestre.

A cualificación deste exame haberá de chegarse a un mínimo dun 4 para facer a media. Se a media entre ambos conceptos supera a nota de 5, a avaliación considerárase superada. Se esta nota fose inferior a 5 o alumno haberá de presentarse á proba de avaliación final.

-- Avaliación FINAL.

A cualificación final ordinaria será a media aritmética das cualificacións trimestrais, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 en cada un delas ou na súa correspondente recuperación.

No caso de non ter acadado dita cualificación mínima de 5 nunha ou varias das avaliacións trimestrais, o alumno poderá presentarse a unha derradeira proba de avaliación final, cuxos contidos prácticos dependerán do número de avaliacións suspensas:

- Se a avaliación suspensa e unha soa das tres avaliacións, o exame versará sobre os contidos prácticos correspondentes a dita avaliación.
- Se as avaliacións non superadas fosen dúas ou tres dito exame versará sobre contidos prácticos relativos á totalidade do curso.

-- Proba extraordinaria de xuño.

100 % EXAME: O exame consistirá nunha única proba práctica sobre contidos relativos á totalidade do curso.

NOTA: É importante salientar que cando existan fundadas sospeitas de que se produciu algún tipo de irregularidade en calquera exame ou proba realizada polo alumnado ao longo do curso, o profesorado do departamento que imparta a materia poderá anular o exame e/ ou proba, repetir a proba e/ou exame o estime oportuno ou necesario.

b) No caso de docencia parcialmente presencial e parcialmente non presencial.

Dado que a Aula Virtual terá complementado e reforzado de xeito habitual ás clases presenciais, xa que, tanto os apuntes de curso, como as láminas a realizar polo alumnado e outros recursos didácticos se terán facilitado a través da mesma desde principios de curso, se a docencia pasase a ser non presencial **seguirá sendo esta Aula Virtual a plataforma de publicación de materiais didácticos e a canle de entrega** de traballos, láminas e, nalgún caso, de envío inmediato de probas ou exames.

As láminas, traballos e probas deberán ser sempre entregadas nos **formatos indicados na Aula Virtual en tempo e forma.**

Cabe a **posibilidade de realizar algún exame oral de sobre conceptos e cuestión procesuais para o que se usaría a plataforma Webex**, ben sexa unha proba individual, por quendas se é preciso, ben sexa por preguntas individuais nunha comunicación conxunta.

Enténdese que os instrumentos de avaliación que figuran a continuación terán lugar presencialmente sempre que sexa posible, de non ser así trán lugar usando as plataformas oficiais mencionadas: Aula Virtual e Webex.

-- Avaliacións parciais por trimestres:

1. LÁMINAS (60% da cualificación).

As láminas ou **exercicios prácticos** realizaranse **regularmente e de xeito individual, e, salvo excepcións, deberán rematarse durante unha ou dúas sesións de clase**. Para a súa realización o alumno poderá ter a súa disposición a documentación necesaria (apuntes facilitados pola profesora, libro de texto ou apuntes personais) para a súa consulta. En certas ocasións, e baixo o criterio da profesora, algunhas láminas poderanse rematar ou incluso realizar enteiramente fóra da aula, para ser entregadas nunha data prevista.

As láminas presentaranse de con regularidade e serán **condición indispensable** para superar a materia, polo que calquera delas non presentada terá avaliación parcial de cero. A cualificación correspondente a este apartado corresponderá a **media aritmética** das notas acadadas en cada unha delas.

As láminas que sexan entregadas tarde terán a súa nota **rebaixada nun punto por día natural**, e, en caso de pasar dunha semana de retraso, a súa cualificación rebaixarase a metade. A limpeza, pulcritude e presentación correcta das láminas é obrigada. **Fallos notorios na presentación poderán descontar ata tres puntos** sobre dez na cualificación de cada unha das citadas láminas.

2. EXAMES (40% da cualificación)

Terán unha estrutura e exercicios similares aos correspondentes ás láminas desenvolvidas na aula.

A cualificación do exame haberá de chegarse **a un mínimo dun 4 sobre 10** para facer a media, noutro caso prevalecerá a nota que non acadou o 4.

-- **Recuperación das avaliacións parciais suspensas**

A petición dos alumnos, a profesora poderá realizar unha proba de recuperación de avaliación parcial trimestral correspondente, que terá lugar un dos primeiros días do seguinte trimestre. Nela se avaliará:

-80 % EXAME

-20 % láminas (ás xa feitas) correspondentes do trimestre.

A cualificación deste exame haberá de chegarse a un mínimo dun 4 para facer a media. Se a media entre ambos conceptos supera a nota de 5, a avaliación considerárase superada. Se esta nota fose inferior a 5 o alumno haberá de presentarse á proba de avaliación final.

-- **Avaliación FINAL.**

A cualificación final ordinaria será a media aritmética das cualificacións trimestrais, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 en cada un delas ou na súa correspondente recuperación.

No caso de non ter acadado dita cualificación mínima de 5 nunha ou varias das avaliacións trimestrais, o alumno poderá presentarse a unha derradeira proba de avaliación final, cuxos contidos prácticos dependerán do número de avaliacións suspensas:

- Se a avaliación suspensa e unha soa das tres avaliacións, o exame versará sobre os contidos prácticos correspondentes a dita avaliación.
- Se as avaliacións non superadas fosen dúas ou tres dito exame versará sobre contidos prácticos relativos á totalidade do curso.

-- **Proba extraordinaria de xuño.**

100 % EXAME: O exame consistirá nunha única proba práctica sobre contidos relativos á totalidade do curso.

NOTA: É importante salientar que cando existan fundadas sospeitas de que se produciu algún tipo de irregularidade en calquera exame ou proba realizada polo alumnado ao longo do curso, o profesorado do departamento que imparta a materia poderá anular o exame e/ ou proba, repetir a proba e/ou exame o estime oportuno ou necesario.

13. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE e ACTIVIDADES DE REFORZO.

a) Tanto par a a docencia presencial como non presencial.

Non todo os alumnos e alumnas parten das mesmas situacións educativas con respecto das materias de Educación Plástica, visual e audiovisuall, e Debuxo Técnico. Estas diferencias débense a dúas causas, principalmente:

- 1º. A maioría dos alumnos (os que teñen pensado facer unha carreira técnica e polo tanto elixir un bacharelato de Ciencias) non tiveron opción de escoller e non tiver on a materia de Educación Plástica en 4º de ESO. Isto é debido á organización do Centro no que respecta á distribución de itinerarios.
- 2º. Os alumnos que veñen de cursar a ESO noutros Centros, non sempre veñen cos coñecementos que se lles supoñen para 1º de bacharelato en Debuxo Técnico I.
- 3º. Non todos os alumnos teñen as mesmas destrezas á hora de realizar os debuxos, polo tanto, o nivel de exactitude e limpeza suponlles o emprego de mais tempo.
- 4º. O desenrolo da visión espacial non é igual para tódolos alumnos do mesmo nivel: esta comprensión require o emprego de maior tempo de asimilación por parte do alumno e de atención personalizada por parte da profesora.
- 5º. Os alumnos e alumnas que repiten curso, en atención á normativa correspondente, teñen que apicárselles un Programa específico Personalizado.

Tendo en conta o anteriormente apuntado, as actividades de reforzo centraránse nas seguintes cuestións:

- Facer unha variedade de actividades de reforzó e afondamento.
- Ter en conta unha multiplicidade de procedementos de avaliación da aprendizaxe.
- Dar opción a facer traballos voluntarios.

Estes instrumentos poden ser completados con algunhas outras medidas que permitan unha axeitada atención á diversidade, como poderían ser:

- Facer unha detallada avaliación inicial.
- Favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula.
- Insistir nos reforzos positivos para mellorar a autoestima.
- Adaptación de obxectivos e contidos.
- Metodoloxía.
- Elección de materiais didácticos.
- Agrupamentos.Organización espazo-temporal.
- Programas de desenvolvemento individual.
- Reforzos ou apoios.
- Adaptación ao ritmo de aprendizaxe dos alumnos.

En todo caso, elaboraránse exercicios específicos para a atención de alumnos e alumnas con necesidades especiais como apoio e/ou complemento aos temas tratados no curso.

- Adaptación ao ritmo de aprendizaxe dos alumnos

b) No caso de docencia non presencial.

Tendo en conta que as circunstancias económicas e sociais dos alumnos son moi diversas, e que, no caso de docencia non presencial, non todo o alumnado ten a súa disposición os medios tecnolóxicos que serían deasexables, tratarase de coñecer este particular de xeito previo, co fin de poder comunicalo á dirección do centro para poder poñerlle remedio canto antes. Así pois, intentaríase facer chegar os materiais necesarios para o seguimento do curso non presencial polos distintos medios, humanos e materias, de que se dispoña.

c) Alumnado en atención educativa domiciliaria.

CRITERIOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO EN ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA.

O profesorado enviará o temario e actividades de preparación de cada un dos temas recollido na programación de cada materia.

O traballo realizado na casa non será avaliable, é material para preparar o exame

En cada avaliación haberá un calendario de exames que se levarán a cabo sempre en presenza do profesorado de Atención educativa domiciliaria que será o encargado de que se cumplan as garantías de obxectividade e autonomía na realización das probas.

A nota do exame será a nota da avaliación.

No terceiro trimestre, xunto co exame da terceira avaliación, realizarase a recuperación daquelas avaliacións que estean suspensas.

A nota final será a correspondente á media das 3 avaliacións.

Se a nota media é inferior ó 5 o alumno deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro no que entrará toda a materia.

En caso de que un exame non se poida realizar por causa médica (deberá presentar un xustificante médico) o exame se poderá realizar no día seguinte no que estea o profesor de atención educativa domiciliaria presente.

No caso de que non se poida realizar un exame sen falta debidamente xustificada, a avaliación quedará suspensa cun 1 e realizará o correspondente exame de avaliación na primeira semana da avaliación seguinte.

O alumno non poderá usar medios de consulta nos exames: apuntes, internet ou calquera outro medio de consulta que comprometa a obxectividade da proba. No caso de facelo considerárase que está copiando polo que o exame será calificado cun 0 (no boletín de avaliación figurará a nota mínima na ESO, 1 punto).

Aqueles alumnos que polas súas características necesitan adaptación no acceso os materiais e/ou contidos e que non utilicen os medios especificados polo Equipo de orientación específico, o seu exame será calificado cun 0 (no boletín de avaliación figurará a nota mínima na ESO, 1 punto).

Se durante o curso prodúcese a suspensión das clases presenciais, os contidos serán enviados a través de medios telemáticos e, a avaliación, será tamén nun único exame por avaliación pero este será realizado por medios telemáticos que determinará cada profesor: Webex, aula virtual etc...

14. ATENCIÓN AO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE.

A Xefatura de Departamento, contactará co alumnado e lle facilitará material ou virtualmente os traballos a realizar e os apuntamentos necesarios para a realización dos mesmos e para a preparación do exame.

Fixaranse certas datas para a resolución de dúbidas e demais indicacións que poida precisar o alumnado. Ditas datas serán as indicadas pola Xefatura de Estudos e se lles dará publicidade polos medios habituais empregados para as demais materias.

15. PROGRAMA DE REFORZOPARA A RECUPERACIÓN DE PENDENTES.

Os alumnos/as que teñan a asignatura de 1º e/ou 3º ESO suspensa/s, deberán realizar unha **serie de traballos** propostos polo Departamento que terán que ser entregados o día da **proba teórico práctica** que se realizará a finais do segundo trimestre.

Ao inicio do curso se lle entregará ao alumnado que teña a materia pendente, a distribución da materia que teñen que preparar en cada avaliación.

Será de obriga a presentación destes traballos para poder facer a proba teórico-práctica, e se calificarán os mesmos ata un 30% da nota total á nota do exame suporá o 70% restante da nota total.

A cualificación do exame debe acadar os 4 puntos sobre 10, para que anota do exame faga media coa nota obtida nos traballos, de non ser así, prevaalecerá a nota do exame.

A Xefa de Departamento reuniráse periódicamente con estes alumnos/as para orientalos na realización destes traballos.

16. RECURSOS A EMPREGAR.

a) Para a docencia presencial.

Este curso todas ás materias impartiranse na aula de referencia do grupo. Estas están dotadas de medios informáticos, canón e ordenador de profesor.

O departamento tratará de aportar, na medida do posible, outros materiais diversos de usos colectivo que poidan ser necesarios ao longo do curso nos diferentes niveis tales como témperas, soportes especiais, obxectos diversos que sirvan de modelo. No caso de uso individual deberán ser aportados por cada un dos alumnos.

Aínda que a docencia fose presencial durante todo o curso, a Aula Virtual complementará ou reforzará de xeito habitual ás clases presenciais, dado que tanto os apuntes de curso, como as láminas a realizar por parte do alumnado e outros recursos didácticos facilitaranse a través da mesma.

b) Para a docencia non presencial.

Dado que o material necesario para o seguimento das clases estará, desde principios de curso, a disposición do alumnado na Aula Virtual da materia, esta será o principal soporte didáctico da materia no caso de docencia non presencial. Na Aula Virtual publicaranse, ademais dos citados recursos básicos, outros que reforcen a docencia práctica a distancia, como videos con explicacións prácticas ou tutoriais gráficos, paso a paso, para a realización dos traballos que se vaian desenvolvendo.

O alumnado deberá consultar a diario a Aula Virtual, formular ás dúbidas nos foro de alumnos que se abrirá na Aula e entregar os traballos a través da mesma Aula Virtual no tempo e forma indicados polo profesorado da materia.

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, ESCOLARES E EXTRAESCOLARES.

Quedan sen concretar ata dispoñer información para planificar as actividades que resulten de interese para o alumnado nas materias que impartes este Departamento.

Tamén se pretende, na medida do posible, proveitar as saídas e visitas que organicen outros departamentos para completar a formación dos nosos alumnos en temas artísticos.

18. TEXTOS E APUNTAMENTOS SOBRE OS CONTIDOS.

1ºESO EPVA	Apuntes e láminas facilitados polo profesorado e publicados na aula virtual
3º ESO EPVA	Apuntes e láminas facilitados polo profesorado e publicados na aula virtual.
4º ESO EPVA	Apuntes e láminas facilitados polo profesorado e publicados na aula virtual.
1º BACH DTI	Apuntes e láminas facilitados polo profesorado e publicados na aula virtual.
2º BACH DTI	Apuntes e láminas facilitados polo profesorado e publicados na aula virtual.

19 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

O Departamento adicará cada mes una das súas reunións para revisar se a programación está axustada as necesidades de cada curso en canto aos seus contidos, temporalización, metodoloxía etc., e faranse as oportunas adaptacións en caso de ser necesario.

20. ORGANIZACIÓN DE PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO.

Dado que na súa inmensa maioría os alumnos de Bacharelato veñen do propio Centro, faráse unha proba de avaliación de coñecementos aos alumnos que se incorporen doutros Centros ou que o cursasen 1º de Bacharelato no estranxeiro. Nestes casos adoptaránse medidas de recuperación para acadar o nivel necesario según a normativa vixente.

21. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ao remate das clases do curso se revisará internamente en Reunión de Departamento os indicadores de avaliación do proceso de ensino e das prácticas levadas a cabo por o profesorado nos distintos niveis, axustando os parámetros que non funcionen.

22. TRATAMENTO DE TEMAS TRANSVERSAIS:

Contribución ao Plan de Convivencia do Centro

En todo momento potenciarase a convivencia mediante o traballo en grupos aínda que a resolución de exercicios sexa de tipo individual.

Faráse especial incidencia na limpeza, tanto dos exercicios como do material de traballo, a aula e en xeral de todo o Centro, fomentando esta actitude cara á súa actividade cotiá fora do Instituto.

Do mesmo xeito, terásese en conta en todo momento a boa disposición, o non sexismo, a igualdade entre compañeiros e compañeiras, e a non discriminación en xeral por razóns de ideoloxía, relixión, ou por pertenza a outras identidades nacionais ou internacionais.

Para dar cumprimento á lexislación vixente, estarán presente en todo momento as boas prácticas atendendo á educación moral e cívica, a educación para a paz, a educación para a saúde e a calidade de vida, a educación para a igualdade entre os sexos, a educación ambiental, a educación sexual, a educación do consumidor, a educación para o lecer e a educación vial.

23. XUSTIFICACIÓN DE FALTAS EN ENTREGAS DE TRABALLOS E ASISTENCIA A PROBAS.

A falta do alumno o día do exame ou proba, así como o día de entrega de traballos, será admitida con xustificante firmado polos titores legais a primeira vez, e, en todo caso, seguindo o criterio aprobado polo Claustro no referente a este tipo de faltas. As demais veces só serán admitidas como xustificacións os documentos legais (xustificantes médicos, citas oficiáis doutro tipo como convocatorias a campionatos, exames, etc.). De non estar correctamente xustificadas, o profesor adoptará as medidas oportunas para a recuperación destes exames ou as sancións polo retraso na entrega de traballos.

24. COPIA DE TRABALLOS OU COPIA NAS PROBAS.

O alumno ou a alumna que copie no exame ou que participe na copia, independentemente do sistema utilizado, suspende ese exame cun 0, tendo que presentarse ao exame de recuperación, A máxima nota que se lle outorgará na avaliación, en caso de que aprobe todos os conceptos (exame de recuperación, traballos e actitude), será un 5 sobre 10.

Se a copia se produce nun exame final, o alumno suspende esa avaliación cun 0 e terá que presentarse ao exame de setembro (se gundo criterios aprobados polo Claustro no curso pasado e reafirmados na primeira reunión de Claustro do presente curso).

25 ASISTENCIA A CLASE SEN MATERIAL AXEITADO.

A asistencia a clase sen material necesario para o traballo da materia, dado que ésta é de carácter fundamentalmente práctico, supón una falta grave que o profesor ou profesora sancionará a partir da 2ª vez que se produza.

A Coruña, 8 de setembro de 2022.

Asdo: Laura Molina Martínez-Risco
Xefa de Departamento.